


A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



Ano XIV

Núm. 277

1.º de Novembro do 1930

CAMILLO DIAZ

RG 106/1

Grandes Almacenes de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIONS

DISPONIBLE

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA REXIÓN E EXTRANXEIROS CONFECCIONANSE TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULHERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256
A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, máis o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica Avenida da Granxa - A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15- CORUÑA-REAL, 110-FERROL, Príncipe 9-VIGO

Peluquería "La Modernista"

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía de Castro, e Linares rivas, da escola -: Dramática Galega, e de todol-os cadros de decramación da Cruña -:

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caraiterizacións
:-: para teatro :-:

PARA TODA CRÁS DE TRABALLOS DE PELIQUERÍA DIRIXIRSE A

San Andrés 91 - 1.º

A CRUÑA

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redaición e Administración

Rúa Real, 36, -1.º

A CRUÑA

Precios de Suscrizón

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIV



1.º de Novembro do 1930



Núm. 277

AO DECORREL-OS DIAS

ANDAN OS acontecementos políticos a se agudizar fortemente. A incertidume é cada día mais intensa e a situación económica de Hespaña vai camiño do desastre.

A Dictadura, da que aínda andan por ahí varios desvergonzados cantando as súas excelencias, tróuxonos a ésto. Entre ela e a súa sucesión que non define de xeito craro a súa intención, anque ben pode supoñerse, e non autúa de maneira intensa para sacar a Hespaña da interinidade política en que está dende fai sete anos pódense repartir por partes casi iguales a *patriótica*, eles que tanto falan e blasonan de patriotismo, obra da actual situación hespañola.

Galicia, naturalmente, percibe grandemente os funestos resultados d'esta situación, agravada aquí por certas medidas gubernamentales como a importación de carne extranxeira e o gravamen arancelario do mainzo, o peche da fronteira portuguesa e a iniciación do rexurdimento do vello caciquismo ademais d'outros probremas d'outro orden como por exemplo: a falla de diñeiro da emigración. Por estas e outras razóns non ten nada d'extrano que o noso pobo sinta arestora ansias de destrucción, de rebeldía, pois ten xá adequerido o convencimento firme de que agora como antes a súa vós angustiada reclamando xusticia e equidade non é ouvida onde debe ouvirse.

¡É eso que din que no actual ministerio hai dous galegos! Dous bugallalistas decimos nós e podemos probar que estamos mais no certo.

Nós, nacionalistas e como tales preocupados por conquistar para a nosa terra vieiros de libertade temos que os percurar onde haxa posi-

bilidade de atopar-los e hai que reconoscer que na actual situación non se vislumbran por ningures. Por eso a nós non pode asustarnos nada nin creemos xá que ao noso pobo, o pobo que traballa e sofre as consecuencias seculares da política hespañola, non os señoritos vilegos, o asusten. Tampouco os anuncios de troques radicaes e até de revoltas sanguíntas. Para os segundos demostran ter os ánimos preparados durante a visita dos cínicos da U. M. e para os primeiros o convencimento adequerido a forza de anos e de aldraxes.

Galicia e os nacionalistas temos de ollar para o futuro confiando en abranguer xusticia e liberdade que no pasado e no presente negóusenos sempre.

Cúmpranse n'este mes de Novembro dúas datas para nós de recordación sentimental. 14 de Novembro do 1916 e 18 de Novembro do 1918. Datas que sinalan a aparición d'este boletín e a primeira asamblea nacionalista.

A primeira lémbraos que levamos xá catorce anos loitando pol-a liberación de Galicia e a segunda o noso programa básico. Unha e outra temos hoxe de recordal-a con fervor e co pensamento outo posto na Terra.

O PERDON

A casa medea esmorenada apenas puña unha lembranza humana na paisaxe brava da regata. Na pedra do lar fendida, i-acariñada longamente pol'as invernias medraba o tristeiro verdecer das abrullas frolecidas no seu tempo en sangue callada de door i-esquecemento, i-os probes muros de forras comenzaban a desartellarenses coma os osos d'un vello esquelete. Pouca xente cruzaba por alí. As abeleiras vinesas misturadas cos amieiros musicales acougaban un anaco de lameiro de trébo homilde a pecho e nas carcales chuvias as augas fuxitivas do regato enchían a soedade cas mil voces

agurgullantes d'un tráxico destino: correre tolo, batido na dura laxe, sin folgo, déica o pai rio, seu seo d'eternidade.

Nin os ledos pastorinos do monte gostaban d'aquil lugar coma si o abandono da probe casa labrega estivera gardado por un fúnebre xenio de aas fadalmente penduradas n'un remordimento. O crime non era dos que se memoran ca benzón, sempre ergueita, d'unha crus. Non fora sangue do corpo a que locía na mágoa resiñada das abrullas. Fora crime de sangue do espírito. Un abandono desleigado igoal o que cingúa a casa n'outrotempo bal-

bordante de angueiras e risas.

Un empardecer cando xa o outono picaba d'ouro as follateiras mais outas e a sombra do coto medraba hastra escurecer o valicño, un home entrou pol'a porta como si entrara o vento da noitiña. Andivera moitas terras e moitos mares, bebera todol'os alcoholes das tabernas afumadas que se franquean na noite ô misterio dos peiraos mollados, cangara a rés no traballo baixo ó sol gadañeiro dos trópicos, resoara no cinto ouros estranhos, coñecera mours miserias i-os amores pasa-xeiros desteitos aixiña na luzada cruel do día. I-endexamais, nin na terra nin no mar, nin na folganza nin na angueira poidera esquencer as parpas d'aquil remordimento qu'abrazado ô seu corpo coma un abutre, ferialle o peito i-ô obrigaba a camiñar sempre, xa sin a esperanza d'atopar un término a sua peleinaxe. Sempre o mesmo cadro na lembranza: a velliña agunizando encol d'un xergón de cosco, luciña d'un candil que s'apaga, cunha calada acusaceon pro fillo desleigado nos probes ollos que a morte demoraba en pechar.

Agora viña cangado disposto a non loitar mais tempo. A se deixar morrer no curro onde xogara de neno, amolecendo n'unha morte vexetal como un tronco podrecente na lama e nas follas murchas. Andivera tod'o día pol'os arredores sin sin s'astrever a entrar na casa, lambiscando os morogos dos érbedos que lle traguían un acedo labio da mocidade, deitado ô pé dos pednedos, embobado en mirar como un

lagarto aproveitaba o sol. Soilo na noite decideuse igoyal que si escolle- ra o esquecer i-o silencio da morte. Facía frío na cociña deixada. O home foi ô monte, apañou un mandado de garamata e logo a lapa espaventando a friaxe i-a soedade figuraba na noite unha imaxen de fogar.

O home fumando un cigarro i-outro cigarro afundiase n'unha longa meditaceon, ardente e seréa, enxui- zando tod'o seu vivir, mordendo deica o miolo o amargurado froito do remordimento. Duas ou tres veces saiu a procurar leña baixo o centilear das grandes estrelas acesas no vento frío da outiniza. Consideraba o recuncho onde morrera a nais esquencida e de tanto miralo parecía qu'a door se crebara n'unha esperanza de consolo. Cando o sono pechou os ollos queimados do home a cinza na pedra rachada facía un quente montón. Espertouno un frío d'abrente i-un lonxano badelar dubidoso. Encol da cinza xiada unha mán invisibre dibuxara unha cruz. O perdón.

O home c'un cantar nos beizos— faguía moitísimos anos que non os frotecian mais que desesperadas copras de taberna—trazón n'un instante o plan da nova vida. Eiquí a cociña, alá os curros, a horta o pé da casa. Os poucos días rompía a tonticeira da encosta pra prantar as barbadás novas i-os brancos amieiros do rego marmuraban vagas verbas animadoras e sadisfeitas nos ouvidos do home rexenerado.

R. Otero Pedrayo.

NOVAS DA CAUSA

Como vizosos froitos das arelas renovadoras que latexan hoxe en Galicia, recellemos a continuación dous valiosos documentos moi dínos de consideración e con cuio esprito atopámonos fundamentalmente compenetrados.

Un é o chamado *Compromiso de Barrantes* cuio programa aparece inspirado en boa parte no programa nacionalista de Lugo e outro un Manifesto que varios irmáns nosos acaban de publicar en Bos Aires.

Un e outro coinciden co noso credo e áodalos a conoecer aos nosos lectores decramos a nosa adhesión cobizando velos cristalizados en feitos de innegabre importancia para Galicia.

O Compromiso de Barrantes está concebido nos seguintes termos:

«Nos diriximos a los gallegos todos, a España y al Gobierno, presentándoles el drolema de Galicia.

En el orden económico, con la tierra fragmentada, deshecha, improductiva por obra de una legislación absurdamente unitaria que la desconoce y por falta de enseñanzas agrícolas; empobrecida por cargas intolerables; desangrada por los aranceles; por los tratados de comercio y por las actividades oficiales que hacen de nuestros productos una excepción en el régimen protector ampliamente concedido al resto de España. Cuanto adquirimos está recargado en el precio, implicando un enorme impuesto indirecto: cuanto producimos está recargado en el costo y

sin defensa ante la concurrencia exterior. Así se fragua la anemia de un país con la inevitable secuela de una tremenda crisis social

En el orden cultural, por la escasez de escuelas, carencia de enseñanzas técnicas y por olvido completo de nuestro carácter de nuestras tradiciones; de nuestro genio, que aparece deformado y paralizado por orientaciones que no podrá asimilar jamás

En el orden político, Galicia sigue siendo un feudo fuera de la Constitución. Sistemáticamente, el sufragio es una falsedad, los derechos ciudadanos no tienen garantía, los órganos de gobierno son instrumentos de amenaza y atropello, la ley se queda en el papel, la justicia es zarrandeada y removida según la voluntad del oligarca que sin recato acude a la fuerza para imponerla. Un afrentoso estado de vasallaje que no podemos tolerar más tiempo.

Afirmamos como origen y raíz de todos estos males y negruras de Galicia, el centralismo sorbedor de las energías regionales, despectivamente olvidadizo para las legítimas ansias nuestras. El engendra nuestra ruina, nuestro atraso y nuestra opresión.

Salvando cada uno de nosotros sus opiniones políticas, declaramos;

nuestra absoluta incompatibilidad frente a todas las hegemonías y regímenes políticos que no emanen de la soberanía popular.

que solo la autonomía plena antes defi-

nida puede dar satisfacción a los derechos y a los problemas de Galicia.

la galleguización de la Universidad compostelana y demás centros de enseñanza.

la cooficialidad de los idiomas gallegos y castellano.

la liberación de la tierra y la dignificación social del campesino.

y pedimos, por último, que inmediatamente cesen la fuerza y la impunidad que los gobiernos prestan al caciquismo que oprime y envilece a Galicia y contra el cual se levanta unánimamente nuestro país.

En el Pazo de Barrantes, 25 Septiembre 1930.

Armando Cotárelo.—Ramon Cabanillas. R. Otero Pedrayo.—Enrique Peinador.—L. Peña Novo.—El Conde de Creixel.—Alfonso R. Castelao.—F. L. Cuevillas.—Isidoro Millán.—Basilio Alvarez.—Alvaro de las Casas.—V. Paz Andrade.—Ramón Salgado.—M. Portela Valladares.—Laureano Gómez Paratcha.—Jesús Bal.—C. López Otero.—R. Vidal Pazos.—Gustavo Lagarejos.—Ramón Fernández Mato.—M. Fernández Boado.—J.M. Díaz Villamil.—Julio Vila.—Victoriano García Martí.»



O manifesto dos nacionalistas de Bos Aires, di así:

«Os debaixo firmantes, considerando:

Que Galicia vive n'unha hora da meirande importancia pra o seu porvir social, político, económico, espiritoal, da que pode resultar, ou a súa permanenza no actual estado d'opresión, d'asoballamento pol-os poderes centralistas, ou o conquiremento d'un conxunto de libertades e de reivindicacións que abrían un longo veyro de posibilidades a máis outas e definitivas conquistas.

Que a indiferenza fronte ás inquedañas de carauter político que latexan en toda a eistensión da nosa terra, imprecaría favorecer aos nemigos específicos do noso pobo, das suas mais vidaes arelas, causantes, asinade da nosa pobreza, do noso subementamento, da nosa decadencia cívica e de todol-os males físicos, morales e sociaes da nosa terra: as tradicionaes organizaciós políticas que autúan ô frente do Estado hespañol, protexedoras do caciquismo, do fraude, da indiñidade cibdadán,

Que a descomposición visibel dos devanditos organismos e a xenreira que criaron no pobo debe sere aproveitada pra apural-a súa definitiva crise e suprantal-os por outros axeitados ás comenencias e ás carauterísticas da nosa Terra, da nosa economía, do noso pensamento e do noso esprito.

Que n-este propósito, obxetivo, inmediato, de destruír o actual estado de cousas poden coincidir diversas correntes políticas e ideolóxicas en procura de difrentes finalidades, das quales, o nacionalismo galego, como doutriña e como acción, pode ser a ourentadora, porque se inspira na entranha mesma da Terra e da Raza e nos seus problemas de onte, d'hoxe, de mañán e de sempre.

Que n-este senso, o programa de Lugo e de Monforte, coas derradeiras decraracións da VI Asambreira da Cruña, sen limitar ningunha aspiración por destemida e avanzada qu-ela sexa, contempra a realidade viva da Galicia nos seus múltipres aspectos.

Que, por outra parte, os programas que aspiren a se realizaren c'o concurso do pobo, non son doutriñas estáticas, nin dogmas intanxibels, senón que han ser revisados e modificados a medida que o indiquen as circunstancias, xa que nos movementos políticos a acción é a qu'ensiña.

Que é de urxente necesidade a criación d'un forte partido nacionalista que sintetice as aspiracións do pobo galego apto pra autuar políticamente de por sí, axeitando a súa doutriña e a súa acción ás mais inmeiatas aspiracións do noso pobo.

Que non existindo, por hoxe, ise partido, esto non xustifica que os nacionalistas non deban autuar politicamente, senon que, pol-a contra, é seu deber ineludibel autuar e infruir en favor dos seus principios total-as correntes que tendan a suprimir o vello tinglado da farsa do Estado hespañol, coa ollada sempre posta na finalidade do nacionalismo como meta da sua acción.

ACORDAMOS.

Afirmar a nosa fe no nacionalismo galego, acatando e proaramando como sua doutrina o contido dos programas de Lugo e de Monforte, coas decraracións da V Asamblea da Cruña. E, formar un pacto de unidade absoluta de acción pra realizar a laboura que s'eispresa nos puntos que siguen:

Infundir, no seo da colectividade galega inmigrada na República Argentina, un amplo e aberto interés pol-o galeguismo en todol-os seus espeutos, no económico, no cultural e no político.

Coordinar-a acción particularista e isolada das sociedades dos emigrados n'unha común finalidade d'axuda única a Galicia e a total-as suas cousas, sobre todo aquelas que tendan o seu progreso auténticamente galego.

Procurar-a formación d'unha entidade que, agrupando dentro d-ela o maor número de asociados destiñe os seus recursos escrusivamente a acción política do nazonalismo en Galicia.

Auspicial-a obra que o Centro Gallego de Buenos Aires debe realizar en favor da cultura galega, d'acordo cos propósitos que figuran nos seus estatutos.

Colaborar e prestar axuda entusiasta a aquelas entidades que n-este senso veñen realizando unha labor xenerosa de protección o Seminario d'Estudios Galegos, á Residencia Universitaria de Santiago e a cantas obras en benefizo de Galicia se trata de levar a cabo.

Espallar en total-as formas e do xeito mais eficaz a doutrina e os postulados do nacionalismo galego.

Coordinar as opinións particulares e unificar práctica e ideolóxicamente a colec-

vidade galega da República Argentina pra que, ben ourentada, coincida en todol-os casos de grave importancia pra Galicia, servindo eficazmente d'apoio a todo labor que en pro da súa liberdade e do seu progreso tencionese realizar.

Bos Aires, Setembro 1.º do 1930.

R. Suárez Picallo; Francisco Regueira; Lino Pérez; E. Blanco Amor; P. Campos Conceiro; A. Alonso Ríos.



Recollemos con fonda ledicia a intervención do noso amigo Ricardo Carballo Caleiro na apertura do curso universitario de Santiago, que no discurso que pronunciou pediu a galeguización da nosa Universidade e a imprantación n'ela da cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

E unha nota de fondo patriotismo e sana pedagogía que queremos facer resaltar ao mesmo tempo que enviamos ao culto galeguista o noso aprauso fervoroso.



A NOSA TERRA olla con fonda atención a campaña anticaciquil que se ven facendo en toda Galicia, especialmente na provincia de Pontevedra, na que interveñen varios nacionalistas.

Sendo o caciquismo un dos mais grandes enemigos da causa de Galicia non pode faltar n'esa campaña patriótica a intervención dos elementos nacionalistas colaborando n'esa cruzada con outros elementos a quenes cingue circunstancialmente o nemigo común.

Igualmente e pol-os mesmos motivos manifestamos a nosa satisfacción por algúns mitins que con carater republicano lévanse realizado n'este mes en diversos pobos galegos.

Os autuaes momentos porque atravesa Galicia requiren a unión de todol-os galegos en defensa da Galicia e da liberdade, e para esa laboura está sempre disposta a nosa colaboración.



O grupo autonomista de Vigo vén celebrando n'aquela cidade un interesante ciclo de conferencias encol de arte, literatura, política, sentimento, idioma, raciali-

dade e outros temas galegos a cárrego de diversas persoalidades galegas.

Unha gran obra de galeguismo e cultura moi dina de admiración e aprauso.

A GAITA

N-os brazos do celta Ourense
docemente,
canta a meiga
voz da gaita namorada,
a maxestosa «Alborada»
do inspirado Paseoal Veiga.

Despértanse, ó seu conxuro,
o ceo e a terra galegos,
e un hino, cheo de pregos,
—suidoso, lírico e puro—
tece armoñosos arpegos.
As brancas mans da alborada
ábrenlle os ollos o día,
e na risoña campía
xa comenza a foliada
da paxareda encantada
n unha louca rechouchía...
Romedando a gaita leda,
—pol-a gandra e na arboreda—
con armoñía que encanta,
canta e tría
tría e canta,

chía,
chía,
pía,
pía,

pol-o ar, a cotovía,
debullando pelra a pelra...
E coidando que é da melra
a voz da gaita miazosa,
un bruxo melro asubía
enriba d-unha alba rosa
namorada canturía,
prendido do meigo encanto...

Mail-o canto,

trío,
chío
e asubío

dos dous paxaros cantores,

non teñen da gaita o brío,
nin os primores
nin a dozura,
nin a tenrura
do pío!...

* * *

Ouzando a voz da gaita, randéanseos piñeiros,
tecendo unha roldanza nas froumas musicaes;
bisbisan as prateadas follaxes dos salgueiros
con mil cirimoniaes,
virándose,
voltándose,
choscándose,
sinxelas;

e mentres que debullan, brandéndose os trigaes,
sesean os erbaes,
marmulan as fontelas
e rínse os milleiraes,
¡Pro, nin piñeiros
nin os salgueiros,
nin os trigaes,

--inda axuntando seus ledos cantos c-ós milleiraes
e c ás fontelas
e c-ós erbaes—,

non se comparan c-á voz ridente
de francachelas

da moza gaita que vai bicando o celta Ourense!...

* * *

Mentras rise con risas cristiáñas
a gaita c-ó seu noivo,
—o rexo Ourense roibo—
nas praias e coidos das mariñas
da terra de Briganza,
unha triste arelanza
d-escumas albariñas

prañideiran as foulas:
 O relembro dos noivos mariñeiros,
 labregos e peixeiros
 que lles deron esperanza
 de ser bós amadores
 e, nas redes das troulas
 e bicos mintireiros,
 esqueceron, ¡pra sempre!, os seus amores...
 Soamente das praias as areas
 e os rochedos dos hirtos cantilados,
 van facendo máis lenes as cadeas
 que prenderon nas foulas seus amados.

.

Pol-a veiga salgal das mariñas,
 sinxela e galana,
 pasa a gaita, os seus trúnfos prendendo
 n-os tramallos, no xeito e nas liñas
 d-unha Ribeirana
 que fora facendo,
 fiando..., fiando...,
 e nas nites de lúa, diviñas,
 fui tecendo, tecendo..., tecendo...,
 soñando..., soñando...
 Pasa a gaita, ceibando o seu bruxo
 cantar ribeirano,
 ó longal da salgada ribeira,
 ben vestida con traxe de pano,
 pendurada a galega bandeira
 no roncón de buxo
 —¡ouh, triste Frouseira!—
 e decíndolle ó povo galego,
 con forte armoñía,
 que ha vir o bó día
 no que Deus comprimente o seu prego...!

.

Nas ondas verdegaias
 que saloucan nas praias
 rochedos e coídos,
 (bagulla que bagulla
 lembros d-amor doídos)
 a leda voz da gaita feiticeira
 (debulla que debulla
 da ribeirana as notas),
 —¡ouh, xurdio baile sagro!
 ¡ouh, baile da ribeira!
 infúndelles o sopro d-un miragro:
 Saltidan miles bramos de sardiñas,

mergúnlanse as pardelas e gaiivotas,
 arrianse as traíñas
 as tarrafas e os xeitos;
 e, por total-a costa, as cantareas
 dos mozos amadores,
 fan xermolar amores
 n-os garimosos peitos
 das foulas verdegaias
 que, sóbor das areas
 das brigantinas praias,
 rochedos e coídos,
 benzoan as idílicas cadeas
 e tecen nova esperanza n-os prendidos!...

.

Namentres que n-os entornos todo rebulda
 e hastra o sol baila,
 —ó son da voz festexeira, repinicante,
 da bruxa gaita—
 chorando pol-o filliño que lle morrera,
 desconsolada,
 —carón do berce de freixo, revoltó e omilde,
 que tenra, apalpa—
 seméllase, unha nai celta, n-un casal vello,
 a imaxe páleda
 da nazarena María cando o seu fillo
 perdéu a Santa.
 Allea do rebuldíceo que hai na mariña,
 montes e agras,
 a probe nai non acouga n-os seus salaios
 e verte bágoas
 nascidas na limpa fonte do sentimento,
 queimantes, ácedas,
 que nas meixelas afondan mais a tristura...
 Sola, sin nadia
 que veña a darlle consolo na pesadume
 da súa mágoa,
 revolve que te revolve, a nai doorida,
 as roupas albas
 do fruto do seus amores que lle morrera
 n-unha alborada...

.

Triunfadora do agro e da ribeira,
 camiño da montana fortacente,
 vai tocando a muiñeira
 e sorríndolle a Ourente
 a gaita trouladora,
 mentres os bicos do sol-por, nas cumes

poñen as pinteladas
de moedas douradas,
e os subrímes arumes
da galizana froira
espállanse na bris buligadora
que fai arrandear as arboredas,
nas que as somas da noite enmeigadora
van prendéndose, quedas...

Entón, a Gaita e Ourente,
—¡almas da terra e da xente!—
na santidade d'estora,
ó sentil-a nai que chora
pó: o filliño, afixida,
choran, tamén, tristemente
doída.
¡doidamente!...

ANTONIO ZAPATA GARCIA

Esta fermosa poesía ð-o noso querido irmán e bon poeta, Zapata García, mereceu mención especial no Certame orgaizado pol-o Centro Galego de Montevideo e pubricámola con moito agrado para conosemento dos nosos lectores.

FOLLAS NOVAS

ABELLAS DE OURO, por Xosé Lesta Meis.

O noso querido irmán Xosé Lesta acaba de publicar un novo libro en galego de verdadeira importancia. Titúlase «Abellas de Ouro». Nesta nova produción, Lesta Meis acrecenta a súa souna de escritor e agudo esculcador da nosa vida rural, que xa tiña manifestado en «Manejo o da rúa» e derradeiramente en «Estebo».

«Abellas de Ouro» son unha dúcia de tipos de muller galega que Lesta Meis fai desfilar ante os nosos ollos para nos poñer de relevo a psicoloxía e a grandeza humilde e heroica dos nosos aldeáns. Tipos por

él conosciados, recollidos da súa aldea, que Lesta Meis amóstranos con un realismo conmovedor, espidos de toda falsedade literaria xa que como el di «este libro foi feito coa ilusión de arrecadar simpatías pros nosos aldeáns».

Xeneroso propósito diño de toda louba que despois da lectura do libro pódese afirmar conquerido. Lesta Meis, home da aldea que vive apegado a ela por lazos espirituales que a vida vilega non pode destruír, home bon e de corazón xeneroso, compre un deber que lle dita a conciencia escribindo estas páxinas, homenaxe ao traballo e á vida sacrificada das mulleres do noso agro.

Quen non conoza a vida real do agro galego nin sentira nunca preocupación por ela, lendo o libro de Lesta tén de sentirse enmeigado ante as súas páxinas que nos falan d'un verdadeiro santuario galego que enche de emoción, e diante do que todolos bons galegos débense axionllar como homenaxe a un tesouro maravilloso que encerra o campo de Galicia.

As nosas mulleres, abellas de ouro, como felizmente chámaas Lesta Meis, que no decorrer dos días ofrendan ao traballo da terra e aos cuidados da familia a súa vida chea de privacións materiaes pero rica, esplendidamente rica, de recursos espirituales. Un tesouro da nosa raza sempre eterna.

Lesta Meis fixo unha boa obra en todolos sentidos. Unha obra xenerosa no fin que a inspirou e unha obra literaria ategida de sinxeleza e de emoción.

«Abellas de Ouro» que consta de duascenas corenta páxinas e está imprentada con gusto e perfeición, leva un «preludio cordial» moi intresante e sentido de Antón Vilar Ponte, e unhas verbas limiares de Lesta explicando a saída do libro, do que xa a crítica vense ocupando con gabanza xusta, e para o que pol-a nosa parte auguramos o bon éxito que merece.

A nosa embora cordialísima ao querido e bon amigo

AS ÉGLOGAS DE VIRXILIO, traducidas por A. Gómez Ledo.

O cultísimo sacerdote e bon poeta gale-

go D Avelino Gómez Ledo, acáballe de prestar un gran servizo á literatura galega, traducindo ao noso idioma directamente do latín as Eglogas do gran Virxilio. O señor Gómez Ledo é un fervido amante do noso idioma e do seu desenvolvemento que leva publicado xa dous libros: «Romanceiro Compostelán» e «Borreas». Agora quer contribuir de xeito esprendido ao rexurdimento actual da literatura galega e para elo donanos maravillosamente traducidas e conservando fidelmente o seu espírito unhas páxinas do Virxilio o gran clásico latino.

Deste xeito a nosa literatura e o idioma noso adquiren mais caracteres de universalidade. E demostra tamén de xeito contundente como o noso idioma atópase

capacitado para as máis grandes empresas literarias.

Coincide esta tradución coas que en Catalunya andan a facer dos clásicos gregos e latinos e temos por consecuencia que na Hespaña os idiomas catalán, galego e pacifístanse de xeito que nada teñen que envexar ao idioma oficial.

A labor do señor Gómez Ledo, que anuncia para logo a publicación de «As Xeórxigas», tamén de Virxilio, e un canzoiro galego, merece os máis calurosos parabéns, que nós tribut moslle verdadeiramente agradecidos.

As Eglogas veñen publicadas n'un fermoso volume perfectamente enidado e imprentado con verdadeiro esmero.

A precisión de se definiñe

Figura ser unha urxente necesidade algo como levar unha faciana descuberta pra refrexar os estados da conciencia, e pra vivir en sociedade. Unha reviseon de valores tan enérxica como a inizada nas Letras pol-a xeneración do 98, levada logo en diferentes veces á politeca trouxo esta necesidade de hoxe, que non discutimos porque ademais de sere algo real é unha realidade qu'está moi ben. N'outrotempo os partidos politecos procedían de fora pra dentro, Hoxe arelase a que se formen de dentro pra fora, que señañan prasmaciós rexas e craras de conciencia. Ista vai sendo pol-o menos o que se procura. Tod'o mundo revisiónase e definiñese como dispoñéndose a unha movilizaceón xe-

neral. Eiqui na Hespaña houbo un método de definiceon negativa imposto pol'as circunstancias politecas á sua vez resultado noxento de moitas cousas que na Hespaña se non revisionaran endexamais. Foi a Dicitadura. Ou con ela ou contra ela. O sistema figura un pouco ordinario, sin finura de criba, mais foi un sistema, como outro calquera. Pol'o menos tivo a ventaxe d'obligar. O que non parece tan natural é qu'agora se eisixan definiciós novas pros que xa están categoricamente definiñidos. Isto acontece moito na realidade xornaleira galega. Por exempro co galeguismo. Comosiesta verba ou as suas equivalentes non foran ben craras a xente demanda qu'os galeguistas se definiñan. Mais

¿non'o están d'abondo? Non veñen sosteñendo dende fai moitos anos—dend'o moderno xurdir d'unha nova Galiza podemos afirmare sin énfasis—un programa politeco sufinchado na doutrina ideolóxica que é a razón de vida—e de vida que non pode morrer—do galeguismo? Coidamos, e ogallá nos equivoquemos que n'isto hai algo ou moito do qu'o galeguismo sempre combatiu: un sentido obediente ó imperialismo centralizador. Pode ser costume, e de ser costume é mala e hai que rematar con ela. O estrano é que n'istes meses aínda se lle non conceda concenza politeca dina de belixeranza, a quén non figuren 'un partido hespañol. E nós os galeguistas temos a obriga de manifestar unha vez mais e supoño que n'isto estamos todos d'acordo, que non precisamos nos definir no credo de ningún partido hespañol dos orgaizados. E dicir que como galeguistas xa forma-

mos o noso partido hespañol e galego. E n'el aituaremos cecais en alianza temporal con outros mais sin amingoar nin un chisco da nosa sustantividade.

Isto penso eu dend'a aldea sin consultare os amigos porque coido que non fai falla xa qu'eles mesmos dan eraras mostras d'aititude, natural e agardada, que eiquí veño eispoñendo e quixera fora ben sentida por todos. Co noso credo estamos d'abondo definidos. Temos un fito n'a nosa aitividade e il será o guaiador de total'as nosas angeiras—politecas e non políticas,—cecais as derradeiras as de maor importancia poíl'a politeca da Terra Nosa, sempre foi mais qu'a politeca d'un partido e algo mais noso qu'a politeca d'un partido hespañol.

Froitoso Touzo Sergude.

Ribeiras do Arnego.

DO MOMENTO

Por riba de total-as cousas, pra nós os nazonalistas non debéra haber mais que unha única preocupación: Galicia. Mais a vida política da nosa terra está tan intimamente relacionada con outras cousas que non queda mais remedio que adicarlles a nosa atención.

Nós temos que aspirar a conquistar para a nosa terra unha liberdade completa que non teña lindeiros. Liberdade material e moral que devolvan a Galicia as súas pre-

rrogativas de pobo definido e racialmente constituído que perden co'a hexemonía centralista hespañola.

Si toda Galicia pensara como nós pensamos non tería importancia ningunha para nós o preito político en que hoxe débatese a Hespaña. Galicia para si xa diría o réxime en que desearía desenrolar a súa vida. Con amplias facultades de seu gobernariase como ela quixera.

Mais a realidade dícenos que aínda non

é por agora cando poidamos gozar d'esa liberdade de elección.

Somos minoría os que así pensamos e pouco podemos influir aínda no pensamento do noso pobo que por carecer d'un fondo sentimento galeguista e d'unha comprensión exaita do problema galego atópase entretido por outros problemas que podemos calificar como alleos pero que non pode negarse influyen de xeito extraordinario e decisivo nos destiños e no pensamento actual do pobo galego.

Xa non é pouco que a forza da nosa constancia e do insiño que marcan as nosas propagandas vaiamos inculcando cada día máis un sentimento galeguista que fai aínda poucos anos non había.

Peró o conquerido é pouco para lograr que Galicia deixe de sentir preocupación pol-os problemas que parecen alleos para adicar a súa atención única e exclusiva a pensar en Galicia como si fora xá un pobo completamente libre e desligado de influencias estranas.

A realidade é esta e non queda mais remedio que acatala tal como éla é.

Por eso temos que prestar atención ás palpitacións da vida galega que reclama un réxime de goberno onde poida gozar de máis amplias liberdades. Galicia enteira, encol de todo o agro que constituíe a esencia e a maioría da nosa vida, adapren-

den xá que co réxime hespañol de goberno que imperou até agora, creador e amparador do caciquismo brutal que reina tanto no campo como nas vilas, non pode desenrolarse como debe. E como carece do que ao comenzo decíamos, de verdadeira comprensión do primordial problema de Galicia, soña con adequirir dentro do sistema hespañol que cingue a Galicia con un troque de procedimentos e de persoas, que xá o réxime monárquico non pode ofrecerlle.

Como non comprende, porque non o sinte no fondo da súa conciencia, que mellor estaría pensando sómentes en Galicia tén que pensar tamén n'outras cousas e por eso pensa n'unha futura república hespañola por si dentro d'ela pode atopar unha vida máis libre e máis xusta.

A min me non extrana que así sexa, porque eu tamén aínda sendo nazonalista integral e vivindo na vila que se vive máis comodamente que no campo, non podo substraerme o certos convecimentos e desexos a que me obrigan precisamente os meus degoiros de conquerir para a miña terra cousas das que hoxe carece por culpa do réxime político que impera en España e de cuia influencia perniciosa non pode desprenderse Galicia, así como así.

VICTOR CASAS



Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito	Ptas.	17.000.000
Id. desembolsado	"	11.000.000
Fondo de Reserva	"	4.500.000

Casa Central: **NA CRUÑA**

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontearreas, Chantada e Orense.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos camas de
tódolos três.

As mais indicadas en casos de artritismo,
desnutrizón, diabetes, obesidades diversas,
doenzas do aparello dixestivo, anemia e
neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente.

Mondariz-Balneario

a 35 kilómetros de Vigo.